



Arquitectura tradicional



Etnografía



Interese arqueolóxico



Interese xeral




Interese histórico



Interese naturalista



Interese paisaxístico





O río Xabriña, afluente do Tea, convértese no verdadeiro protagonista desta ruta circular que parte da parroquia de Paraños e que visita outros lugares como Prado de Canda e A Lamosa.

Ademais da exquisita vexetación que o camiño presenta nas súas marxes, ao longo del pódese gozar dunha extraordinaria riqueza etnográfica e cultural, xa que durante toda a ruta atopamos elementos de gran valor e en bo estado de conservación, como a igrexa parroquial de Paraños, varias cerarías antigas, coma o «Lagar da Cera» en Portocortinas, case trinta muíños ao longo do río, camiños tradicionais, fontes, pasos de auga, e pontes coma a de Ponte Folón.

O seu deseño circular divídese en dous grandes aneis.


O primeiro percorre o río dende Paraños a través de frondosos bosques e ata Ponte Folón. O segundo anel, que visita Prado e A Lamosa, achéganos ao Miradoiro de Cotos da Bouza e a pequenas aldeas onde poderemos coñecer a actividade dos antigos artesáns que se dedicaban a traballar coa cera.

Ademais, en varios puntos do camiño encontraremos paneis que recollen poesías do poeta galego Uxío Novoneyra procedentes do seu libro titulado Os Eidos.



XEORREFERENCIAS

LUGAR	LATITUDE	LONGITUDE	ZONA UTM	X	Y
Paraños	42°12.234'N	008°23.218'W	29T	550608	4672598



■ Río Xabriña



■ ACCESOS

Na A-52, O Porriño-Ourense, tomar a saída 282 en dirección a Santiago de Covelo pola PO-5001. No cruzamento coa N-120 dirixirse cara a Pontearas, e a 500 metros xirar á esquerda para chegar a Paraños.

■ LONGITUDE

17 km.

■ PUNTO PARTIDA / CHEGADA

Paraños (Concello de Covelo)

■ PERCORRIDO

Paraños, Portocortiñas, Área recreativa do Roupeiro, Pozo do Demo, Portaseixas, As Millariñas, As Chozas, Ponte Folón, Prado de Canda, Cotos da Bouza, Corzós, A Lamosa, Paraños.

■ DIFICULTADE

Media.

■ DURACIÓN

6 horas.

■ SERVIZOS

En Paraños e na Lamosa.

■ M.I.D.E.

MEDIO	1	2	3	4	5
ITINERARIO	1	2	3	4	5
DESPRAZAMENTO	1	2	3	4	5
ESFORZO	1	2	3	4	5

■ ACCESO EN BICICLETA

Apto parcialmente.

■ ACCESO A CABALO

Apto parcialmente.



CARTOGRAFÍA I.G.N. 1:25.000

224-III Pontearas e 224-IV A Cañiza.



MÁIS INFORMACIÓN

Concello de Covelo

Praza do Mestre Cerviño, 2.

36872 Covelo

Tel.: 986 650 027 / Fax: 986 650 131

e-mail: info@concellodecovelo.es

www.concellodecovelo.es

Federación Galega de Montañismo

(véxase páxina 146)